

INFORMA COMISIÓN DE PERSOAL DO 16-10-14

Punto único da orde do día: Proposta anteproxecto LEP de Galicia

O Director Xeral da Función Pública expón os cambios que sobre o articulado, foron aceptados e explicados na última xuntanza coas OOS, de acordo coas propostas de alegacións presentadas.

Antes da emisión do sentido do voto, UGT entende que debemos aclarar o mesmo, non entrando no fondo do articulado, senón en determinados aspectos que recubriron o proceso negociador e apuntando algunhas das que considerabamos como liñas vermellas dentro do mesmo.

En primeiro lugar, sinalar que unha norma que se prevé con solidez estrutural no tempo, non pode nin debe ser tomada como a negociación dun decreto. A Norma Estatal obriga ás CCAA a adaptar as súas respectivas normativas da función pública aos preceptos emanados da mesma, pero non establece prazos. Pasados xa sete anos dende a publicación da dita Norma, a Administración da Xunta pretende nuns poucos días acadar un punto de encontro coas organizacións sindicais, nun proceso atropeladamente apurado, sen tempo material para que poidamos dar traslado aos Empregados Públicos as diferentes contrapropostas ao documento inicial. A pesar deste proceso acelerado, puxemos todo o noso empeño en que isto fose adiante, participando activamente en todas as xuntanzas convocadas ao efecto e fixemos achegas alternativas e construtivas.

Esta Organización presentou en maio de 2013 as primeiras alegacións, hai disto un ano e medio, que entendiamos dotarían á norma dunha maior sensibilidade social, debido á gran cantidade de suxestións que canalizamos. Despois de estar paralizado o proceso durante todo este tempo, solicítase por parte da Administración que se sinalen dentro daquel documento, de 143 páxinas que tiñamos presentado, as que considerabamos como liñas vermellas que indicarían o punto de inflexión das nosas reclamacións. Aínda que a Administración aceptou unha serie de alegacións presentadas por este Sindicato, imos a indicar cinco das ditas liñas que determinaron o noso sentido do voto, é que para nós son fundamentais:

No que respecta á **carreira directiva**, é inconcibible, tal e como queda establecida na súa actual redacción, aínda que tal precepto estea establecido no EBEP. Esta Administración non só a fomenta e promove, senón que en base a unha interpretación distorsionada da LOFAXGA, procedendo a desintegrar a Administración en Entes Instrumentais, xera unha carreira para que os postos directivos sexan ocupados por persoas do ámbito privado e poidan acceder mediante unha entrevista a cargos directivos e xerencias das ditas entidades.

A **avaliación do desempeño**. Este é un concepto novo que lonxe de ser aproveitado como incentivo da unidade administrativa e soamente da dita unidade (tal e como se fai en Administracións onde este sistema está implantado), **vai a xerar un novo tipo de Administración**, no que a subxectividade pode imperar no reparto de tarefas que teñan como contraprestación un reparto desigual da percepción do complemento retributivo que lle debe corresponder por acadar o cumprimento de obxectivos. Aquí apostabamos porque os procedementos fosen medidos exclusivamente por unidades logrando así que a eficacia fose unida á eficiencia. Co **texto actual queda ao arbitrio de quen determine o reparto do traballo da unidade**, algo que non podemos aceptar.

FSP - UGT	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Galicia	Miguel Ferro Caaveiro, 12 - 1º - 15707 - Santiago	981 572 820	981 570 878	galicia@fspugtgalicia.org
San Caetano	Edif. San Caetano - Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	981 545 281	uxt.sancaetano@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos - Locais Sindicais	981 185 989	981 184 696	ugt.monelos@xunta.es
A Coruña	Fdez. Latorre, 27 - 3º - 15006	981 248 471	981 249 041	coruna@fspugtgalicia.org
Ferrol	Carmen, 45 - 2º - 15402	981 356 127	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Ronda de la Muralla, 58 - 1º - 27003	982 231 207	982 251 028	lugo@fspugtgalicia.org
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 - 1º - 32003	988 238 353	988 238 207	fsp@fspugtourense.com
Pontevedra	Pasantería, 1 - 2º - 36002	986 847 844	986 855 794	autonomicapontevedra@mundo-r.com
Vigo	García Barbón, 67 - 6º - 36201	986 221 918	986 433 799	fspugtpontevedra@mundo-r.com

O **concurso específico**: coa actual redacción nada impide que nas futuras relacións de postos de traballo, vexamos aparecer como forma de provisión a de "concurso específico", en lugar de "concurso xeral" dos postos que as Secretarías Xerais consideren. Esta medida minorará, mediante un procedemento velado e interesado, postos de traballo que deberan estar abertos na carreira administrativa aos empregados públicos en xeral.

No que respecta ás **escalas**, os compromisos e as rectificacións que a Administracións dixo que ían facer na xuntanza mantida o día 14, ao respecto das titulacións de acceso para varias escalas, non se cumpriron. En vez de rectificar as titulacións que non se correspondían coas que realmente deberan ser, engádense aquelas que foron obxecto de alegación e seguen a conservar as inicialmente propostas. Isto deixa situacións anómalas que é imposible aceptar (como que haxa escalas de corpos especiais que para o seu ingreso vale unha titulación inferior e unha superior, ou outras nas que sendo dunha rama, agora poden acceder desde dúas ramas).

Por último citar a NON implantación do novo **grupo B**. Semella que esta Administración non ten visión de futuro, son outras as Administracións que teñen adaptadas as súas normas de función pública aos preceptos do EBEP que se toman en consideración a implementación do dito grupo, facendo unha reestruturación consonte aos modelos acordos ás novas titulacións de Formación Profesional, e das especialidades que delas se derivan. Esta Administración a día de onte aínda estaba pensando na posibilidade de que quizais se puidese crear dito grupo coas especialidades de delineación e de axentes facultativos medioambientais.

Estes son uns breves apuntes dalgunhas cuestións, que sen entrar en maior profundidade, levaron a esta Organización Sindical a determinar que o sentido do voto fora Negativo.

As outras OOSS emitiron un voto negativo.

FSP - UGT	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
Galicia	Miguel Ferro Caaveiro, 12 - 1º - 15707 - Santiago	981 572 820	981 570 878	galicia@fspugtgalicia.org
San Caetano	Edif. San Caetano - Locais Sindicais - Santiago	981 545 988	981 545 281	uxt.sancaetano@xunta.es
A Coruña	Edif. Servizos Múltiples Monelos - Locais Sindicais	981 185 989	981 184 696	ugt.monelos@xunta.es
A Coruña	Fdez. Latorre, 27 - 3º - 15006	981 248 471	981 249 041	coruna@fspugtgalicia.org
Ferrol	Carmen, 45 - 2º - 15402	981 356 127	981 356 127	fspferrol@galicia.ugt.org
Lugo	Ronda de la Muralla, 58 - 1º - 27003	982 231 207	982 251 028	lugo@fspugtgalicia.org
Ourense	Parque S. Lázaro, 12 - 1º - 32003	988 238 353	988 238 207	fsp@fspugtourense.com
Pontevedra	Pasantería, 1 - 2º - 36002	986 847 844	986 855 794	autonomicapontevedra@mundo-r.com
Vigo	García Barbón, 67 - 6º - 36201	986 221 918	986 433 799	fspugtpontevedra@mundo-r.com